

## II ENCONTRO DE FAMILIA

### “ADOLESCENCIA: CAMBIOS E RETOS”

No desafío de educar resulta primordial o acompañamento e orientación dos pais e nais, para potenciar o desenvolvemento e madurez dos seus fillos e fillas. Ademais, nesta sociedade en constante avance e cambio, os estilos educativos e as formas de relación nas que foron educados os adultos na súa infancia e adolescencia deben revisarse e adaptarse a novas esixencias.

O **II Encontro de Familia** centrarase na etapa da adolescencia e leva por título “**Cambios e retos**”, polos grandes cambios que nela se producen e, tamén, por ser unha etapa de incerteza, confusión, contradicións tanto para os pais e nais como para os adolescentes e incluso para o profesorado. Unha etapa onde o vello parece que xa non serve e o novo aínda está por descubrir.

**O Concello de Sanxenxo e o Centro de Formación e Recursos de Pontevedra (CFR) en colaboración coa Federación de Anpas O Con de Sanxenxo, Gapefa e os centros educativos do Salnés, poñen en marcha este II Encontro de Familia**, creando un espazo onde poder compartir, debater e reflexionar sobre aqueles temas que nos preocupan e que moitas veces non sabemos como abordar.

#### 1) INSCRIPCIÓN DO PAI/NAI/TITOR/A NAS XORNADAS DOS VENRES, 8 E 15 DE NOVEMBRO DE 20,00 A 22,00 H. PAZO EMILIA PARDO BAZÁN

**NOME E APELIDOS:**

**ENDEREZO:**

**TELEFONO:**

**ENDEREZO ELECTRÓNICO:**

**XORNADA/S NAS QUE SE INSCRIBE**

Venres, 8 de novembro

Venres, 15 de novembro

**¿PRECISAS SERVIZO DE LUDOTECA? (para nenos/as de 3 a 12 anos)**

SI

NON

**¿CANTAS NENAS/OS EMPREGARÁN ESTE SERVIZO?**

**IDADES DAS/OS NENAS/OS**

#### 2) INSCRIPCIÓN NOS TALLERES. PAZO EMILIA PARDO BAZÁN

**As prazas son limitadas (20 por obradoiro) e a admisión farase por orde de inscrición**

	Conecta co meu mundo	9 de novembro	17:00 a 18:00	Para familias ( pais e nais con fillos/as a partir de 11 anos)
	¿Quen son eu?	9 de novembro	18:00 a 19:00	Para mozos/as, de 14 a 17 anos.
	EmociónArte	16 de novembro	17:00 a 18:00	Para mozos/as, de 11 a 17 anos.
	Familia e participación social	16 de novembro	18:00 a 19:00	Para proxenitores

**NOME E APELIDOS DO MOZO/A:**

**IDADE:**

**NOME E APELIDOS DO PAI/NAI\*:**

**\*Imprescindible no caso de tratarse do taller para familias.**

## AUTORIZACIÓN UTILIZACIÓN IMAXE PERSOAL

Autorizo ó Concello de Sanxenxo á publicación da imaxe do meu fillo/a nos medios de comunicación, redes sociais e soportes impresos ou dixitais que se poidan derivar desta actividade.

SI

NON

### 3) RGPD E POLÍTICA DE PRIVACIDADE

O Concello de Sanxenxo é o **responsable do tratamento** dos datos persoais do **Interesado** e lle informa que estes datos serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou RXPDP), polo que se lle facilita a seguinte información do tratamento:

**Fin do tratamento:** tramitacións que se deriven da xestión das inscricións do II Encontro de Familia. Adolescencia: cambios e retos.

**Criterios de conservación dos datos:** os datos conservaranse mentres sexan necesarios para a consecución das referidas finalidades, para determinar as posibles responsabilidades que puideran derivar destas ou do tratamento de datos, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente. En determinados casos, conservaranse para ditas finalidades en tanto a persoa interesada non retire o seu consentimento. Cando xa non sexa necesario para tal fin, suprimirase a información con medidas de seguridade adecuadas para garantir a seudonimización dos datos ou a destrución total dos mesmos (será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentos).

**Comunicación dos datos:** non se comunicarán os datos a terceiros, salvo obriga legal.

**Dereitos que asisten ó Interesado:** dereito a retirar o consentimento en calquera momento, dereito de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e á limitación ou oposición ao seu tratamento, así como o dereito a presentar unha reclamación ante a Autoridade de Control ([www.agpd.es](http://www.agpd.es)) si considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente.

**Datos de contacto para exercer os seus dereitos:** poderá exercitar os seus dereitos enviando unha solicitude xunto co documento acreditativo da súa identidade a: Concello de Sanxenxo - Avda. de Madrid, 1 - 36960 Sanxenxo (Pontevedra) Enderezo electrónico: [info@sanxenxo.org](mailto:info@sanxenxo.org)